

“TEST” primeiro exercicio do exame para administrativo do Concello de Abegondo

1	Os responsables e encargados do tratamento deberán designar un delegado de protección de datos nos supostos previstos no artigo 37.1 do Regulamento (UE) 2016/679 e, en todo caso, cando se trate das seguintes entidades (sinala a incorrecta):	
A	Os colexios profesionais e os seus consellos xerais.	
B	Os centros docentes que ofrezan ensinanzas en calquera dos niveis establecidos na lexislación reguladora do dereito de educación, así como as Universidades públicas e privadas.	
C	As entidades que exploten redes e presten servizos de comunicacións electrónicas conforme o disposto na súa lexislación específica, cando traten habitual e sistematicamente datos persoais a gran escala.	
D	Os prestadores de servizos da sociedade da información cando elaboren a pequena escala perfís dos usuarios de servizo.	

2	Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas serán motivados:	
A	Os actos que limiten dereitos obxectivos.	
B	Os actos que se separen do ditame de órganos facultativos.	
C	Os acordos de aplicación da tramitación de urxencia, de ampliación de prazos e realización de actuacións complementarias.	
D	Todas las anteriores son correctas.	



3	Segundo o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en canto aos prezos públicos.	
A	A entidade nunca poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite do custo do servizo prestado ou da actividade realizada.	
B	A entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite do custo do servizo prestado ou da actividade realizada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconselle.	
C	A entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite do custo de servizo prestado ou da actividade realizada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, sempre e cando se consigne nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese.	
D	Todas as respostas anteriores son incorrectas.	

4	O certificado acreditativo do silencio producido será expedido de oficio polo órgano competente para resolver no prazo de:	
A	10 días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.	
B	15 días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.	
C	20 días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.	
D	30 días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.	

5	Sinale o artigo da Constitución Española de 1978 que consagra o principio de suficiencia financeira das facendas locais:	
A	Artigo 140.	
B	Artigo 142.	
C	Artigo 156.	
D	Artigo 158.	



6	Para determinar a responsabilidade das Administracións Públicas polos danos e perdas causados a terceiros durante a execución dos contratos cando sexa consecuencia dunha orde inmediata e directa da Administración ou de vicios do proxecto elaborado por ela mesma seguirá o procedemento previsto en:	
A	A Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sen prexuízo das especialidades que, se for o caso, estableza a Lei de contratos do sector público.	
B	A Lei de contratos do sector público, sen prexuízo das especialidades que, se for o caso, estableza a Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.	
C	A Lei de contratos do sector público, sen prexuízo das especialidades que, se for o caso, estableza a Lei de réxime xurídico do sector público.	
D	A Lei de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo das especialidades que, se for o caso, estableza a Lei de contratos do sector público.	

7	O procedemento de codecisión (Consello e Parlamento europeo) para a adopción de normas de dereito europeo foi introducido por primeira vez en:	
A	A Acta Única Europea de 1986.	
B	O Tratado de Maastricht de 1992.	
C	O Tratado de Niza de 2001.	
D	O Tratado de Funcionamento de la Unión Europea.	

8	En ningún caso se efectuarán por medios electrónicos as seguintes notificacións, indica a incorrecta:	
A	Cando para asegurar a eficacia da actuación administrativa resulte necesario practicar notificación por entrega directa dun empregado público da Administración notificante.	
B	As que conteñan medios de pago a favor dos obrigados, tales como cheques.	
C	Aquelas nas que o acto que se vai notificar vaia acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico.	
D	Todas son correctas.	



9	Conforme o artigo 168 da Constitución Española (CE), non sería necesario someter a referéndum unha reforma da Constitución que afectase ao:	
A	Artigo 5 que sinala “a capital do Estado é a Vila de Madrid”.	
B	Artigo 11.2 que sinala “Ningún español de orixe poderá ser privado da súa nacionalidade”.	
C	Artigo 27.4 que sinala que “A ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta”.	
D	Artigo 57 que regula a orde de sucesión á Coroa.	

10	En función do establecido no artigo 55 da Constitución Española (CE) indique cal destes dereitos e deberes non é susceptible de suspensión en caso de estado de excepción ou de sitio:	
A	O dereito de reunión (artigo 21 CE).	
B	O dereito de liberdade (artigo 17 CE).	
C	O dereito de acceso a cargos públicos (artigo 23 CE).	
D	O dereito de folga (artigo 28).	

11	En relación coa estrutura da Constitución Española (CE) 1978, sinala a resposta correcta:	
A	O Título IV da Coroa, que comprende os arts.56 a 65, regula ademais as funcións do rei, a rexencia e a tutela do rei.	
B	O capítulo I Das Cámaras do título III Das Cortes Xerais está dividido en dúas seccións dedicadas ao Congreso e ao Senado, respectivamente.	
C	O capítulo IV Das garantías das liberdades e dereitos fundamentais do Título I Dos dereitos e deberes fundamentais inclúe a regulación da institución do Defensor do Pobo.	
D	O Título VIII Da Administración Local e Das Comunidades Autónomas.	



12	Carecerán de validez os Actos do Rei que non sexan referendados:	
A	Cando se refiran ao nomeamento da Casa do Rei.	
B	Ningunha das respostas é correcta.	
C	Salvo o disposto no art. 64.1 da Constitución Española.	
D	Salvo o disposto no art. 65.2 da Constitución Española.	

13	O Consello de Estado é o supremo órgano consultivo do Goberno. Unha lei orgánica regulará a súa composición e competencia, a que artigo nos referimos?	
A	103.	
B	107.	
C	109.	
D	105.	

14	Segundo o artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia é imprescindible para poder gozar da condición política de galego:	
A	Residir en Galicia.	
B	Ter a veciñanza xudicial en calquera dos municipios de Galicia.	
C	Ser cidadán español.	
D	Cumprir os requisitos contemplados nas leis galegas que para o efecto se diten.	

15	Complete o disposto na ordenanza municipal reguladora do procedemento de intervención na execución de obras, actividades ou servizos de Abegondo, parágrafo 1 do apartado 3 do artigo 27: “Con carácter previo ao outorgamento da licenza deberá constituírse unha garantía por importe do ____do custo das obras de urbanización pendente do custo previsible de reposición das existentes que puidesen resultar afectadas con motivo da obra ou actividade que se desenvolverá no mesmo acto de outorgamento da licenza de primeira ocupación ou posta en funcionamento sempre que se tivesen cumprido total e satisfactoriamente, as obrigacións garantidas”	
A	15 %.	
B	20 %.	
C	10 %.	
D	25 %.	



16	De acordo co publicado no Portal de Transparencia do Concello de Abegondo, cantos tenentes de alcalde ten Abegondo?	
A	3	
B	4	
C	5	
D	2	

17	En que parroquia ou parroquias está situado o encoro que abastece de auga o concello de Abegondo?	
A	Parroquia de Cecebre e parroquia de Orto.	
B	Parroquia de Crendes e parroquia de Orto.	
C	Parroquia de Vizoño.	
D	Parroquia de Folgoso.	

18	De acordo co Capítulo 3 do Inventario de Patrimonio Municipal, cantos son os parques que constan neste?	
A	10	
B	5	
C	8	
D	12	



19	Indique a resposta correcta. Atendendo ao artigo 27 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Abegondo (BOP 16/02/2012), cal é unha atribución do alcalde ou alcaldesa?	
A	As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos comúns do orzamento nin, en calquera caso, os 3 millóns de euros; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos comúns do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.	
B	A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos comúns do orzamento nin os seis millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicados.	
C	As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos comúns do orzamento nin, en calquera caso, os 6 millóns de euros; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos comúns do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.	
D	A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 20 % dos recursos comúns do orzamento nin os seis millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicados.	

20	Na revisión dos actos nulos, as Administracións Públicas en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma:	
A	Declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen impugnados en prazo nos supostos previstos no artigo 47.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.	
B	Poderán declarar a nulidade das disposicións administrativas do artigo 47.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.	
C	Declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen impugnados en prazo nos supostos previstos no artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.	
D	Todas son falsas.	



21	As ordenanzas fiscais. Cal das seguintes afirmacións é certa?	
A	En todo caso, os acordos definitivos, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, deberán ser publicados no taboleiro de anuncios da entidade, sen que entren en vigor ata se levar a cabo a dita publicación, conforme o previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.	
B	Respecto aos impostos previstos no artigo 59.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os concellos que decidan facer uso das facultades que lles confire esta lei en orden á fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, deberán acordar o exercicio de tales facultades mediante acordo de pleno, sendo este inmediatamente executivo, sen necesidade de aprobación de ordenanza fiscal.	
C	As ordenanzas fiscais a que se refire o apartado 1 do artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, conterán, polo menos, a determinación do feito imponible, suxeito pasivo, responsables, exencións, reducións e bonificacións, base imponible e liquidable, tipo de gravame ou cota tributaria, período impositivo e devindicación, os réximes de declaración e ingreso e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.	
D	As ordenanzas fiscais a que se refire o apartado 1 do artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, conterán, polo menos, a determinación do feito imponible, suxeito pasivo, responsables, exencións, reducións e bonificacións, base imponible e liquidable, tipo de gravame ou cota tributaria, período impositivo e devindicación, os réximes de declaración e ingreso e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación, e deberán ser publicadas no taboleiro de anuncios da entidade e no boletín oficial da Comunidade Autónoma.	

22	Segundo o previsto na Lei orgánica do réxime electoral xeral, as Xuntas Electorais Provinciais reparten, proporcionalmente e atendendo ao número de residentes, os postos correspondentes a cada Partido Xudicial:	
A	No quinto día posterior á convocatoria de eleccións.	
B	No quinto día posterior á convocatoria de eleccións.	
C	No vixésimo día posterior á convocatoria de eleccións.	
D	No vixésimo quinto día posterior á convocatoria de eleccións.	



23	O acordo de realización de actuacións complementarias antes de ditar resolución, notificaráselles aos interesados concedéndolles un prazo de:	
A	7 días para formular alegacións.	
B	3 días para formular alegacións.	
C	5 días para formular alegacións.	
D	10 días para formular alegacións.	

24	Diga cal das seguintes afirmacións é a correcta:	
A	Para acordar de oficio a nulidade de pleno dereito do acto administrativo requírese a declaración de lesividade para o interese público da Administración que adoptou o dito acto.	
B	A declaración de lesividade non poderá adoptarse unha vez transcorridos catro anos desde que se ditou o acto administrativo favorable.	
C	A declaración de lesividade para o interese público adoptada pola Administración sempre admite recurso administrativo.	
D	Transcorrido o prazo de un ano desde a iniciación do procedemento sen que se declarase a lesividade para o interese público, producirase a súa caducidade.	

25	Constitúe feito imponible do IAE.	
A	A venda dos produtos que se reciben en pago de traballos persoais ou servizos profesionais.	
B	O alleamento de bens integrados no activo fixo das empresas que figurasen debidamente inventariado como tal inmovilizado con máis de dous anos de antelación á data de transmitirse, e á venda de bens de uso particular e privado do vendedor sempre que os utilizase con igual período de tempo.	
C	A actividade empresarial gandeira, cando teña carácter independente.	
D	A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou adorno do establecemento.	



26	En que parroquias de Abegondo existe o lugar do Pazo:	
A	Abegondo-Viós-Crendes.	
B	Abegondo-Viós-Montouto.	
C	Crendes- Viós -Montouto.	
D	Abegondo-Mabegondo-Viós.	

27	Segundo o artigo 80 da Ordenanza para a redacción de proxectos de urbanización, control das obras e recepción destas polo Concello de Abegondo.	
A	O control de calidade das obras sempre será de conta do contratista/promotor por importe mínimo do 5 %.	
B	O control de calidade das obras sempre será de conta do contratista/promotor por importe mínimo do 3 %.	
C	O control de calidade das obras sempre será de conta do contratista/promotor por importe mínimo do 2 %.	
D	O control de calidade das obras sempre será de conta do contratista/promotor por importe mínimo do 2,5 %.	

28	No caso de investimentos e transferencias de capital o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar crédito inicial correspondente no ano en que se adquira o compromiso firme nas seguintes porcentaxes:	
A	No exercicio inmediatamente seguinte, o 60 %.	
B	No exercicio inmediatamente seguinte, o 80 %.	
C	No terceiro e cuarto exercicio, o 50 %.	
D	No segundo exercicio, o 50 %.	



29	De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local, ao municipio resultante dunha fusión de municipios, seralle de aplicación, entre outras cuestións, o seguinte:	
A	Durante un prazo máximo de dous anos, desde a adopción do convenio de fusión, terán preferencia na asignación de subvencións.	
B	O coeficiente de ponderación que resulta de aplicación de acordo co art. 124.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, incrementase un 0,15.	
C	Durante, polo menos, os tres primeiros anos desde a adopción do convenio de fusión terá preferencia na asignación de plans de cooperación local, sendo este prazo improrrogable.	
D	Queda dispensado de prestar novos servizos mínimos dos previstos no artigo 26 que lle corresponda por razón do seu aumento poboacional.	

30	Os bens demaniais chegan a adquirir a dita condición:	
A	Soamente a través de norma con rango legal, xa sexa unha lei ou a propia Constitución.	
B	Entre outras formas, de maneira implícita, cando ten lugar a expropiación dun ben.	
C	Soamente a través dun acto formal de afectación ditado polo órgano competente.	
D	Entre outras formas, de maneira presunta, cando se adquiere calquera ben por razón de interese xeral.	

31	Segundo o art. 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, na resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística:	
A	Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante ordenarase a súa demolición en todo caso.	
B	Se as obras puidesen ser legalizables requiriráselle ao interesado para que no prazo de 3 meses presente a solicitude de licenza ou comunicación previa.	
C	Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante requiriráselle ao interesado para que no prazo de 3 meses presente a solicitude de licenza ou comunicación previa.	
D	Se as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que se axuste no prazo de 6 meses.	



32	Cal das seguintes afirmacións é causa de baixa na escola infantil municipal segundo o Regulamento de organización e funcionamento da escola municipal Pasiños do Ayuntamiento de Abegondo.	
A	Por impago da cota establecida durante tres meses consecutivos ou catro alternos.	
B	Por falta de asistencia continuada durante dous meses sen causa xustificada	
C	Por impago da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos.	
D	Por falta de asistencia continuada durante tres meses sen causa xustificada.	

33	Segundo o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal.	
A	Os peches de parcelas con elementos provisionais.	
B	A demolición de calquera tipo de edificación.	
C	As demolicións, salvo as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.	
D	As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en solo urbano, cando formasen parte dun proxecto de reparcelamento.	



34	De acordo co art.122.1 Lei 9/2017, sinala a afirmación correcta.	
A	Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberanse aprobar posteriormente á autorización do gasto, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, e só poderán ser modificadas con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego implicará a retroacción de actuacións.	
B	Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberanse aprobar previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, e só poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego implicará a ampliación dos prazos de presentación de ofertas.	
C	Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberanse aprobar previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, e só poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego implicará a retroacción de actuacións.	
D	Ningunha resposta é correcta.	

35	Están tipificadas como infraccións graves na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:	
A	As accións e omisións que constitúan incumprimento das normas relativas a parcelacións, aproveitamento urbanístico, uso do solo, altura e número de plantas, superficie e volume máximo edificable, distancias mínimas de separación a lindes e outros elementos e ocupación permitida da superficie das parcelas ou de habitabilidade das vivendas, cando non teñan o carácter de moi graves.	
B	As obras e actividades realizadas en solo rústico que estean prohibidas pola presente lei e as parcelacións urbanísticas.	
C	A realización de obras de urbanización sen a previa aprobación do planeamento e proxecto de urbanización exixibles.	
D	A demolición de bens inmobles que o planeamento urbanístico inclúa nos catálogos de bens protexidos.	



36	Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario:	
A	Poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas.	
B	Unicamente poderá basearse na solvencia e medios propios.	
C	Ningunha é correcta.	
D	En ningún caso poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades.	

37	De acordo co disposto no artigo 232 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para os efectos de elaboración dos proxectos, as obras clasificaranse, segundo o seu obxecto e natureza, nos grupos seguintes:	
A	Obras de primeiro establecemento, reforma, rehabilitación ou gran reparación; obras de reparación simple; obras de conservación e mantemento; obras de demolición.	
B	Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación; obras de reparación simple; obras de conservación e mantemento; obras de demolición.	
C	Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración ou gran reparación; obras de reparación simple; obras de conservación e mantemento; obras de demolición.	
D	Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración ou gran reparación; obras de reparación simple; obras de conservación e mantemento; obras de demolición.	

38	A adxudicación dun contrato administrativo coincide, dentro da execución do orzamento de gastos, coa fase contable de:	
A	Disposición ou compromiso de gasto.	
B	Proposta de pago.	
C	Recoñecemento da obrigaón	
D	Autorización do gasto.	



39	Nos contratos de obras, non terán a consideración de modificacións:	
A	O exceso de medicións, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 20 por cento do prezo do contrato inicial.	
B	A inclusión de prezos novos, fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que non supoñan incremento do prezo global do contrato nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 5 por cento do orzamento primitivo deste.	
C	A a e b son correctas.	
D	Ningunha das anteriores.	

40	Nun municipio de menos de 10.000 habitantes, interponse recurso potestativo de reposición contra o acordo de adxudicación dun contrato de obra cuxo valor estimado é de 3.000.000,00 €, adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno. A resolución do dito recurso corresponde:	
A	Á Xunta de Goberno Local, que deberá resolver e notificar no prazo de un mes.	
B	Ao Pleno, que deberá resolver e notificar no prazo de un mes.	
C	Ao Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais, pois o acordo de adxudicación do dito contrato é susceptible do recurso especial en materia de contratos.	
D	Ao alcalde, que deberá resolver e notificar no prazo de dous meses.	

41	A lexislación xeral sobre expropiación forzosa está constituída por:	
A	A Le do 26 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e o Regulamento da Lei de expropiación forzosa de 16 de abril de 1957.	
B	A Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e o Regulamento da Lei de expropiación forzosa do 26 de abril de 1958.	
C	A Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e o Regulamento da Lei de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.	
D	A Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e o Regulamento da Lei de expropiación forzosa do 6 de abril de 1957.	



42	Segundo a Ordenanza para a regulación da administración electrónica municipal de Abegondo, a sinatura electrónica avanzada enténdese por:	
A	Sinatura electrónica expedida por un prestador de servizos de certificación electrónica.	
B	Sinatura electrónica que permite identificar o asinante e detectar calquera cambio ulterior.	
C	Sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura.	
D	Conxunto de datos en forma electrónica que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante.	

43	No tramitador de expedientes SIGEM (TEDeC), un expediente que teña o número 2022/G006/000001, de que procedemento se tratará?	
A	Contrato menor.	
B	Tramitación de decretos.	
C	Tramitación de subvencións.	
D	Xestión de propostas.	

44	Segundo o artigo 50 do convenio colectivo persoal do Concello de Abegondo (BOP do 03/12/2012). Cal dos seguintes supostos non se axusta ao sinalado no artigo antes citado?	
A	Por traslado de domicilio sen cambio de residencia, un día.	
B	Por matrimonio, quince días.	
C	Por asuntos particulares, cinco días.	
D	Polo falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.	

45	Segundo a ordenanza que regula a creación da oficina e rexistro de atención ao cidadán do Concello de Abegondo, o título II denomínase:	
A	O Servizo de Atención Cidadá.	
B	Sistema de Atención Cidadá.	



C	Actividades de Atención Cidadá.	
D	Exposición de motivos.	

46	Cal non é un trámite que se pode realizar na sede electrónica do Concello de Abegondo, no apartado de urbanismo.	
A	Solicitud de licenza de actividade.	
B	Venda ambulante.	
C	Solicitud de acondicionamento de camiños e fincas.	
D	Solicitud de licenza de edificación.	

47	De conformidade co artigo 190 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo, os perceptores das ordes de pago a xustificar quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de:	
A	2 meses.	
B	3 meses.	
C	1 mes.	
D	6 meses.	

48	Segundo o artigo 3 "Orde de Prioridades" do Plan de inspección urbanístico municipal de Abegondo publicado no BOP do 24 de novembro de 2015, a que tipo de actuacións se refire o grao 5º?	
A	Obras maiores de edificación de nova planta destinadas a usos de vivenda e intervencións significativas en edificacións de uso residencial multifamiliar que supoñan aumento do volume, superficie e/ou aproveitamento urbanístico.	
B	Obras maiores de edificación de nova planta destinadas a usos distintos de vivenda e grandes movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos.	
C	Actuacións a adoptar en expedientes de ruína e ordes de execución que revistan perigo para a seguridade das persoas.	
D	Actuacións en solo rústico sen a preceptiva licenza municipal ou sen axustarse ás condicións impostas nesta.	



49	Das seguintes fases de execución do orzamento de gastos, cal é un acto con relevancia xurídica para con terceiros?:	
A	Retención de crédito.	
B	Autorización de gasto.	
C	Disposición ou compromiso de gasto	
D	Ningunha das anteriores é correcta.	

50	Segundo se desprende do artigo 62 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, entre as exencións rogadas permanentes, nas que a súa aplicación depende da súa solicitude, temos:	
A	Os establecementos por razón de catástrofes naturais para os inmobles afectados por elas.	
B	A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas.	
C	Os destinados á ensinanza por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de concerto educativo.	
D	Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios enclavados nas ditas estacións dedicados a estacións ou almacéns.	

51	Segundo dispón o artigo 5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais	
A	Os ingresos procedentes do alleamento ou gravame de bens e dereitos que teñan consideración de patrimoniais non poderán destinarse ao financiamento de gastos correntes, salvo que se trate de parcelas sobrantas de vías públicas non edificables ou de efectos non utilizables para servizos municipais ou provinciais.	
B	Os ingresos procedentes do alleamento ou gravame de bens e dereitos que teñan consideración de patrimoniais poderán destinarse ao financiamento de gastos correntes sempre que así se acorde por acordo do concello pleno adoptado, por maioría absoluta do número legal de membros de la Corporación.	
C	Os ingresos procedentes do alleamento ou gravame de bens e dereitos que teñan consideración de patrimoniais poderán destinarse ao financiamento de gastos correntes sempre que así se acorde por acordo do concello pleno adoptado por maioría simple.	
D	Ningunha resposta é correcta.	



52	No caso de proceder a reversión, cal é o prazo para que o dono primitivo ou os seus causahabentes poidan solicitala?	
A	Tres meses, que contan desde a data en que a Administración notificase o exceso de expropiación, a desafectación do ben ou dereito expropiados ou o seu propósito de non executar a obra ou de non implantar o servizo.	
B	Seis meses, que contan desde a data en que a Administración notificase o exceso de expropiación, a desafectación do ben ou dereito expropiados ou o seu propósito de non executar a obra ou de non implantar o servizo.	
C	Nove meses, que contan desde a data en que a Administración notificase o exceso de expropiación, a desafectación do ben ou dereito expropiados ou o seu propósito de non executar a obra ou de non implantar o servizo.	
D	Ningunha das anteriores.	

53	Segundo o artigo 184 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a xestión do orzamento de gastos realizarase nas seguintes fases:	
A	Autorización de gasto, disposición ou compromiso de gasto, recoñecemento ou liquidación da obrigación, ordenación de pago e contabilización.	
B	Retención de crédito, autorización de gasto, recoñecemento da obrigación e ordenación de pago.	
C	Autorización de gasto, disposición ou compromiso de gasto, recoñecemento ou liquidación da obrigación e ordenación de pago.	
D	Retención de crédito, autorización do gasto, disposición ou compromiso de gasto, recoñecemento ou liquidación da obrigación e ordenación de pago.	

54	De acordo co artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderán adquirirse compromisos de gastos que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e que se encontre no caso seguinte:	
A	Gastos correntes.	
B	Arrendamentos de bens móbiles.	
C	Contratos menores.	
D	Transferencias de capital.	



55	Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, é suxeito pasivo do IIVTNU:	
A	A persoa física ou xurídica, herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio susceptibles de imposición, que transmitan o terreo ou a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.	
B	A persoa física ou xurídica, herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio susceptibles de imposición, que adquieran o terreo ou a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.	
C	Todas son correctas.	
D	A persoa física ou xurídica, herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio susceptibles de imposición, que adquieran o terreo ou a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.	

56	Segundo o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase, cando se utilicen procedementos de licitación pública, de acordo coas seguintes regras:	
A	Consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas.	
B	Tomarase como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público.	
C	Virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación.	
D	Todas as respostas son incorrectas.	

57	No estado de ingresos do Orzamento Xeral dunha entidade local, as operacións correntes abarcarán:	
A	Capítulos I a IV.	
B	Capítulos I, II, III e V.	
C	Capítulos I a VI.	
D	Capítulos I a V.	



58	A clasificación económica a nivel de gastos se divide con carácter, sen prexuízo da ampliación prevista no art. 167 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, en tres niveis, a saber:	
A	Concepto, artigo e capítulo.	
B	Concepto, subconcepto e artigo.	
C	Partida, artigo e concepto.	
D	Artigo, capítulo e partidas.	

59	En relación ao imposto sobre vehículos de tracción mecánica e de conformidade co establecido no artigo 95 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:	
A	Os concellos poderán incrementar as cotas fixadas no apartado 1.º do mesmo artigo 95 mediante a aplicación dun coeficiente que non poderá ser superior a 2,5.	
B	Os concellos poderán fixar un coeficiente para cada unha das clases de vehículos previstas no cadro de tarifas recollido no apartado 1 deste artigo, que deberá ser o mesmo para todas as clases de vehículos previstas no cadro de tarifas, sen exceder en ningún caso o límite máximo fixado no parágrafo anterior.	
C	Os concellos poderán fixar un coeficiente para cada unha das clases de vehículos previstas no cadro de tarifas recollido no apartado 1 deste artigo, o cal poderá ser, á súa vez, diferente para cada un dos tramos fixados en cada clase de vehículo, sen exceder en ningún caso o límite máximo fixado no parágrafo anterior.	
D	Os concellos poderán incrementar as cotas fixadas no apartado 1.º do mesmo artigo 95 mediante a aplicación dun coeficiente que non poderá ser superior a 3.	

60	Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Non poderán exixirse prezos públicos polos servizos e actividades enumerados no:	
A	Artigo 1 desta lei.	
B	Artigo 21 desta lei.	
C	Artigo 11 desta lei.	
D	Artigo 12 desta lei.	



RESERVA:

61	En que municipios debe existir a Comisión Especial de Contas?:	
A	Nos municipios de poboación superior a 5.000 habitantes.	
B	Nos municipios de poboación inferior a 5.000 habitantes nos que así se acorde polo Pleno Municipal.	
C	En todos os municipios, sen necesidade de ningún acordo, ao ser a súa existencia preceptiva por lei.	
D	En todos os municipios nos que se acorde a súa existencia polo Pleno Municipal.	

62	Cal é o número máximo de sesións extraordinarias do Pleno, que un concelleiro pode solicitar anualmente?	
A	Tres.	
B	Catro.	
C	Dúas.	
D	Non existe un número limitado de sesións extraordinarias que un concelleiro pode solicitar.	

63	O Estatuto de Autonomía de Galicia consta de:	
A	Cinco títulos, un título preliminar.	
B	Seis títulos, 57 artigos, 4 disposicións transitorias e unha final.	
C	Un título preliminar, 5 títulos, 57 artigos, 4 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias.	
D	Un título preliminar, 6 títulos, 57 artigos, 4 disposicións adicionais e 9 disposicións transitorias.	



64	Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a protección civil é servizo mínimo nos municipios de como mínimo, máis do seguinte número de habitantes.	
A	1.000 habitantes.	
B	2.000 habitantes.	
C	10.000 habitantes.	
D	20.000 habitantes.	

